


PP-DL
276

Revista **Barosa**



M. Busto

REVISTA BAROSA Nº 5

ANO 2002.

A Revista Barosa é unha publicación da Asociación Cultural Barosa.

O custo desta revista é de 2 Euros.

Pódese solicitar chamando ó nº de teléfono 696075638 ou no e-mail:
acbarosa@mixmail.com

Agradecemos-la colaboración de:

Asociacion Cultural Auruxeira de Bretoña (Lugo)
Senra, Lidia (Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego)
Busto, Manuel.
Caamaño Durán, Adolfo.
Cancela González, Xosé Antón.
Gago, Adolfo.
Lago Taboada, Rudesindo.
Rodríguez Castro, Xesús.

Sumario

- Editorial	3
- Artigo de Opinión	4
(X. Antón Cancela)	
- Proposta de lexislación sobre O.X.M	5
(Lidia Senra)	
- A Ría de Barosa: o futuro do pasado	6
(Adolfo Caamaño)	
- Protección legal do patrimonio cultural ..	9
(X.R.C.)	
- O patrimonio cultural dos muíños	11
(X.R.C.)	
- Datos da memoria esquecida	13
(Adolfo Gago)	
- Oxalá fora todo o mundo coma min!	15
(R.S. Lago)	
- Soneto de Barro MMII	15
(R.S. Lago)	
- Relato curto: o culpable	16
(R.S. Lago)	
- Asociación Xuvenil Auruxeira (Bretoña-Lugo)	21
(Sonia Villapol)	
- Pasatempos	22

IMPRIME:
Gráficas LORENZO

DEP. LEGAL: PO-009/03



Xunta Directiva da ASOCIACIÓN CULTURAL BAROSA ten o orgullo de compartir cos seus conveciños o 15 aniversario da devandita Asociación, e para celebrar esta data vimos que un dos mellores agasallos que se lle podía facer á Asociación era reedita-la revista BAROSA, un dos primeiros proxectos que se votaron a andar, e anque un pouco esquecida nos derradeiros anos, sempre tivemos en mente a súa reedición.

Hai que dicir que nos últimos anos o traballo baseouse sobor de todo nas excursións, que levaron a centos de veciñas e veciños ó longo de todo o País. Pero amais desto nos derradeiros tempos fíxose unha charla sobre a seguridade na alimentación, inserida na actualidade da crise das vacas tolas, ou unha obra de teatro na que participou o grupo Migallas. Pero debemos dicir que anque a asociación está a manter un traballo constante, vemos a necesidade de acoller xente nova, para que colaboren connosco, e dende aquí queremos facer un chamamento á xente que teña inquietudes culturais, ou mesmo que vexa defectos ou eivas no noso traballo, a que colabore connosco na elaboración da revista ou na organización de eventos culturais.

Nos próximos meses temos en mente, amais de seguir organizando excursións, realizar un roteiro con visitas guiadas pola Parroquia de Perdecanaí, onde visitaremos-los muíños, e o conxunto da Pedra do Home. Tamén pretendemos editar unha colección de postais con imaxes senlleiras do Concello.

Ceñíndonos xa ó contido desta revista, quixemos que servira un pouco de homenaxe ás persoas que colaboraron nas primeiras edicións, por esto aparecen traballos de Rudesindo Lago, Antón Cancela, Adolfo Caamaño e Manolo Busto. Quixemos ademais engadir seccións novas, como pode se-las dedicadas a outras asociacións, e neste caso pareceunos de xustiza que a primeira fora a Asociación AURUXEIRA de Bretoña no concello de A Pastoriza en Lugo, pola moi boa relación que nos une a eles.

Vimos tamén a necesidade de abrir unha sección dedicada á ecoloxía, posto que nun Concello eminentemente rural como é o de Barro, o respecto á terra e os usos ecolóxicos desta deben ser primordiais. E quen mellor para inaugurar esta sección que Lidia Senra, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, sindicato que está a defender como ninguén neste País os modos de produción ecolóxica.

Mantemos, como non seccións xa clásicas como os pasatempos e a tira cómica, e contamos con colaboracións de xente nova como Adolfo Gago.

Dentro da nosa humildade de medios esperamos que o traballo realizado sexa do voso agrado, o cal non sería posible sen a colaboración altruísta da xente que elaborou os artigos, ós que damos as máis encarecidas grazas, ó igual cas firmas patrocinadoras.

Sen máis só nos queda agradecer a tódolos veciños e veciñas de Barro o seu apoio e a confianza depositada no noso modo de ver a Cultura, e desexar que a ASOCIACIÓN CULTURAL BAROSA cumpra outros 15 anos gozando da mesma saúde.

Este novo número da Revista Barosa sae publicado cando fai quince anos do seu primeiro exemplar. Se ben é certo que a súa periodicidade non foi sempre a esperada por aqueles que a iniciamos fai tanto tempo, non por iso deixa de ser unha ledicia e unha satisfacción comprobar que as inquietudes culturais e creativas de moita xente non morreron nin sucumbiron á desastrosa e maltreita realidade cultural en moitos aspectos (entre eles as asociacións alternativas) que hoxe imperan nesta sociedade tan uniformadora, plana e polo tanto política e socialmente “tan correcta”.

Máis aínda, cando toda a iniciativa cultural que non proveña do apadriñamento ou aprobación das institucións públicas (encarecidamente, como non, a Administración Local) pois indubidablemente xa se trata dunha actividade que nun Concello como Barro, supón un sobre esforzo e moitos folgos, para levala adiante nestes tempos globalizados.

Polo tanto, velaí a miña máis encarecida noraboa á xente que saca este exemplar á rúa.

Cando pasan quince anos, pódese pensar que o avance e o cambio experimentado por este tipo de iniciativas polo tempo transcorrido é considerable, logo, comprobamos que a finalidade pola que a A.C. Barosa se formou, lonxe de achegarse a ela, máis parece que é o contrario. Un desexaba nos oitenta que chegado o novo milenio este Concello fora algo moi distinto do que lle depara hoxe a realidade cultural.

Seguimos xirando arredor da festa do viño (emblema da política cultural do noso Concello), de infrautilización da Biblioteca e do Pavillón de deportes, a desidia de programar teatro, títeres, cine, exposicións..., a non tomar en consideración outras iniciativas que non sexan do ámbito político do grupo de goberno ou, como non, a vergoñenta falla de apoio ó idioma galego.

Claro que ben está recoñecer que xa imos dispor, seica, dun enorme e fastoso exemplar de edificio feito en perpiaño, que vai engulir, procesar e logo cuspir impresionante produción cultural saída dos sisudos cerebros do grupo de goberno do Concello e nomeadamente do Sr. Alcalde; non me digan que non nos vai impresionar ver semellante factótum espallando ideas e proxectos saídos do peito do mastodonte cultural.

Aviados estamos se as iniciativas persoais desinteresadas e comprometidas coa realidade do país, do

idioma e da nosa cultura, non fan algo por remediar semellante falta de ideas. Xa sei que agora replicaranme co fascinante “parque natural de Barosa” e falarán da inxente cantidade de visitas de domingos á tarde, das grandes churrascadas e da fenomenal conversión dunha das mellores zonas paisaxísticas, con río, flora e árbores autóctonas máis unha fervenza con dezasete muíños que aínda se conserva no país, en locais de papatoria e copeteo.

Nada máis lonxe da realidade do que se puido haber feito: unha zona restaurada integralmente, para o coñecemento dunha das formas de vida que durante décadas supuxo unha grande actividade comercial, social, económica e incluso festeira do noso país. Pero coma sempre, confundímo-la defensa da historia e a cultura de Galicia co folclorismo e a festa barata, financiada coa finalidade de que o voto perpetúe ós de sempre no poder.

Nembargantes que ninguén se chame a engano, pois o país está vivo; aínda que é difícil levalo por un camiño máis correcto, non faltará quen lle poña gañas e coraxe para porse ó fronte e tratar de que a nosa cidadanía se comprometa máis coa defensa da nosa cultura, do noso idioma, e en definitiva da nosa historia, xa que non hai dúbida de que co seu coñecemento e o seu coidado faremos que o proxecto de país solidario, aberto e libre que todos desexamos chegue a bo porto.

X. Antón Cancela González.

1º Presidente da Asoc. Cult. Barosa.

PROPOSTA DE LEXISLACIÓN SOBRE ORGANISMOS XENÉTICAMENTE MANIPULADOS.

A democracia está en perigo. Os labregos e labregas non poderemos escoller sementes libres de OXM e tampouco producir en ecolóxico. As e os cidadáns tampouco poderán decidir comer alimentos libres de Organismos xenéticamente manipulados (OXM).

A Comisión Europea ten agora mesmo a debate nos Consellos de Ministros de Agricultura e de Medio Ambiente varias propostas de Regulamentos e Directivas sobre organismos xenéticamente manipulados moi preocupantes.

De xeito resumido a Comisión pretende:

- ☐ permitir durante un período transitorio de tres anos e ata o 1% a presenza fortuíta nos produtos alimentarios dos OXM non autorizados e sen necesidade de etiquetado.
- ☐ que dentro da responsabilidade das empresas a nivel de danos á biodiversidade só se inclúa un 13% do territorio europeo e, non se inclúan os danos á propiedade nin á saúde, nin os danos producidos por eventos que teñan sido autorizados.
- ☐ permitir a presenza ata un 0,7% de sementes OXM nas sementes convencionais.

Estas propostas que suporían o fin da moratoria europea existente nestes momentos, vulneran o dereito democrático que os labregos e labregas temos a producir alimentos sen organismos xenéticamente manipulados (OXM) e tamén o dereito dos e das cidadáns a comer sen OXM.

Cabe destacar ademais, que a tecnoloxía xenética é totalitaria xa que a un prazo, e debido a contaminación vai impedir calquera outra forma de agricultura (ecolóxica, produtos de calidade,...). E tamén unha tecnoloxía perigosa porque a diseminación de xenes é incontrolábel e irreversible.

Por outro lado, compre subliñar que nin os labregos, nin as labregas nin a cidadanía precisa para nada os produtos xenéticamente manipulados. Menten os defensores de introducir os OXM na agricultura cando din que van servir para erradicar a fame no mundo. O problema da fame é unha consecuencia da distribución da riqueza e da imposición por parte dos países ricos e poderosos (USA/UE), a través do Banco Mundial, do Fondo Monetario Internacional e da Organización Mundial do Comercio de políticas que obrigan os países a producir para a exportación en lugar de producir para alimentar a súa cidadanía. Menten tamén cando din que os OXM van reduci-lo grado de pesticidas. Sucede todo o contrario, as empresas xa venden as sementes asociadas a un paquete con-

creto de pesticidas, herbicidas..., que elas mesmas fabrican. E, menten tamén cando din que se vai mellora-lo rendemento dos labregos e labregas. Un estudio da Comisión Europea pon de manifesto que os custos de produción con OXM increméntase nun 41% en relación ós custos de produción en convencional.

Pero a pesares disto, Europa prefere legislar para aumenta-los beneficios dunha presa de grandes transnacionais agro-químico-farmacéuticas, antes que facer vale-lo principio de precaución para protexe-lo dereito da cidadanía a poder manter unha alimentación e unha agricultura libre de OXM e un medio ambiente san.

Outro aspecto a denunciar nestes momentos é a forte represión que están sufrindo as persoas que en Europa se están opoñendo á imposición da tecnoloxía xenética e denunciando a irresponsabilidade dos gobernos nesta materia. En Francia agora mesmo hai dous militantes da Confederación Labrega Francesa condenadas a catorce meses de prisión que, están pendentes de revisión do seu caso na Corte de Casación, tribunal que pode confirma-la prisión. Nese caso terían que cumpri-la condena.

Consideramos que a situación é o suficientemente grave como para que todas aquelas organizacións e persoas que nos opoñemos á introducción na agricultura e na alimentación de organismos xenéticamente manipulados fagamos todo o posíbel para informar e mobilizar ó conxunto da cidadanía para que se revele contra esta forma de dictadura da Comisión e das empresas que se dedican ó negocio da tecnoloxía xenética e presione para:


- ☐ Que os Consellos de Ministros e Medio Ambiente e o Consello Europeo lexislen para garantir unha agricultura, unha alimentación humana e animal e un medio ambiente libre de OXM, para tal fin a tolerancia ten que ser cero.
- ☐ Que se formalice e manteña a moratoria prohibindo novas autorizacións de OXM.
- ☐ Que non traspasen á lexislación estatal a directiva europea sobre as patentes de seres vivos.
- ☐ Que poñan fin á represión contra as persoas que loitan contra a imposición dos oxm.

Lidia Senra

Secretaria Xeral do S.L.G

A RÍA DE BAROSA: O FUTURO DO PASADO

A Ría de Barosa e mailo seu entorno gozan do engado que lle conferiu o perceptible cribo da Historia. A dinámica transformadora do devir actuou desde antano sobre esta paraxe natural privilexiada, humanizando un espacio que posuía para os nosos antergos os alicerces daquilo que podía acceder á consideración de “máxico”. O pouso das épocas atesourado en Barosa, transcende así ata hogano, nun sincretismo do eido da crenza e o da funcionalidade; entre mito e realidade.



A adaptación ergonómica das sociedades humanas á cambiante leira do económico-material, ten a súa pegada na vertente do eido cultural e, en consecuencia, tamén no complexo mundo espiritual. As virtualidades da nosa proxección como comunidade particularizada no devir do tempo, dependeron da integración de ámbalas dúas esferas. Os particularismos de tal asimilación aportan a cada sociedade o seu vertebramento diferenciador entre as demais sociedades. Barosa é, pois, un exemplo desta dobre proxección que na cultura galega se manifesta de xeito especialmente peculiar.

Barosa é auga; perante todo o dominio da auga. E como tal alberga unha das raíces máxicas para os nosos antepasados. Mais Barosa tamén é pan. É alimento, cereal. Á carón súa viaxaron as angueiras de Ceres. E, polo tanto, é agricultura, e tamén traballo. No sentido das potencialidades antes achegadas, esbozariase a súa esencia. Ó redor do valor propiciatorio que a auga sempre tivo na nosa cultura, Barosa constitúe unha mostra verbigratificante.

Seguindo a Mircea Eliade, o gran estudioso do devir das relixións, “as augas simbolizan a totalidade das virtualidades”. Idea que así mesmo testemuña o simboloxista Eduardo Cirlot, para quen as augas representarían “a unión universal de virtualidades, “fons et origo”, que se atopan na precedencia de toda forma ou creación”. Para Eliade, desde as crenzas primitivas, considérase a auga o símbolo da vida (“auga viva”), e, como tal, elemento rico en xermolos, fecundadora da terra, das bestas, da muller. Nos mitos e lendas dos pobos “primitivos”, obsérvase aínda na actualidade como son confundidas a auga e o seme viril. A trasfega desde o horizonte do máxico ou próximo ás deidades, ata a esfera do matérico e cercano ó home, é máis doada do que en principio semellaría. Cirlot asevera que a idea do divino asociada ó cultualismo das augas non nos debe inducir a erro, porque “a auga simboliza a vida terrestre, a vida natural, xamais a vida metafísica”.

Acaso o que Barosa atesoura acrisolado polas épocas, sexa unha manifestación bastante exacta desta simbiose. A análise dos ingredientes que nos achega, permite realizar unha feraz singradura. Desde os pretéritos peiraos arcanos dos nosos primeiros pasos na historia, ós máis recentes evidenciados na nosa actividade socioeconómica; desde o alén dos nutrientes do espírito, ata o aqúen cotiá do alimento do corpo.

Xa que logo, consideremos arestora a cuestión cun enfoque máis profano e próximo ós aspectos meramente socioeconómicos. Para tal fin vallámonos das palabras dun profundo coñecedor e analista do noso patrimonio xeográfico.

“Estas terras intermedias entre o ribeiro e a montaña, dispostas en costas ou chans ondeadas e disfrutando, como diría un bo humanista clásico, dos dons de Baco e de Ceres, é dicir, do viño e do pan, coñécense co nome de bocarribeiras, e nelas o vivir soe ser íntimo, o poboamento antigo, a vida de relación intensa. Combínanse os labores da montaña —centeo, bosques, pastoreos— características da ribeira, o que fai ó home máis dúctil e aberto”.

Quen isto escribiu foi don Ramón Otero Pedrayo. Describía deste xeito as paisaxes (e mais as paisanaxes) das bisbarras de Bocarribeira ourensás. Moito de todo o cal é así

mesmo perceptible nesta marxe do Salnés dominada polos anchos vales propios da Depresión Meridiana, que nos separa cara ó leste do próximo dominio da montaña. Neste marco é onde se asentan os muíños de Barosa, con toda a súa carga de simbólica realidade. A fertilidade mercede á boa terra e ó traballo perfectamente adaptado a ela. Un mundo propicio para o pan. Pero, máis tarde, tamén para o viño. Ceres e Baco. Alimento e festa: os dons que fan dicirse rica a unha terra. Se tivermos que escoller na nosa tradición un símbolo que englobe todo isto, sen dúbida o muíño constitúe unha das súas máis perfectas simbioses. E Barosa é unha das máximas expresións existentes en Galicia do que o muíño chegou a significar na nosa cultura.

No entorno da ría de Barosa, uns arredores que abarcan a gran área de influencia á que os seus muíños prestaron servizo, evidénciase na toponimia o decurso das distintas etapas históricas polas que pasou a nosa terra, e o amplo arco de actividades económicas que nestas bisbarra se desenvolveron. Desde os albores celtas e castrexos e o mundo romano; pasando polo Reino Suevo, o esplendor compostelán e a extensión da vide (na que o Priorato de Barosa, dependente do mosteiro compostelán de San Martiño Pinario, tivo un papel protagonista no seus inicios), o Románico e o Camiño de Santiago, a Idade Moderna coa expansión do millo e a asunción do Barroco, a Desamortización e as loitas agraristas; ata a actualidade, coa decadencia daquel mundo rural que o muíño tan nidiamente simboliza.

próxima publicación, tratan de recollerse todos estes aspectos. Aspectos que, na historia política, social, económica, relixiosa, cultural, na vida material, no eido antropolóxico e no máxico, a Ría de Barosa é capaz de catalizar, entendida como un núcleo de análise e reflexión sobre os grandes procesos sufridos polo noso pasado, e o aproveitamento que podemos tirar deles cara ó noso porvir.


Antóllaseme que o sendeiro transitado ata hoxe percorreu toda unha ría de etapas que nos conducen nova e inevitablemente ó principio. A Ría de Barosa échenos agora motivo doutras reflexións. Mercede á restauración-consolidación semella revitalizarse, alomenos nalgún daqueles aspectos que a converteron en punto de referencia para os nosos. Aludimos ó lecer. Barosa está xa aberta ó noso espaxamento. Trala cortinaxe daquela mesta fraga, que ata hai pouco furtábanola coma unha fada intuída pero intocable, ela, Barosa, permanecía ocultando co rubor das silveiras o seu ser moribundo. Mais o que morría entre a selva non eran os muíños, senón todo aquel

mundo creado acorde co tempo natural que os muíños representan.

Agora podemos aprehender a Ría de Barosa. Tocámola. Paseámola. Recobrámoslle os sabores de antano. Ulímola. Sentimos o frescor da auga morna da Poza da Moura na cunca das mans. E, non obstante, se realmente somos quen de intuír no pasado un futuro mellor para nós, daquela veremos en Barosa que o que se conceptúa como ecoloxía non é máis cá comprensión das consecuencias. Os efectos dos nosos actos sobre a Natura. Só así podemos, agora si, aprender do que significa Barosa.

Barosa foi un nemeton, un lugar sagrado. Os arredores de Barosa foron, polo seu peculiar emprazamento, considerados máxicos no mundo precristián. E a proba máis clara que podemos aportar diso é o forte proceso cristianizador que viviu este entorno: o santuario e a romaría de San Breixo, a capela das Virtudes, a presenza de cruceiros, e, por se non abundase isto, o lugar nomeado Chan de Santos.

Barosa foi Ceres. E gracias a ela comemos. O proceso de coñecemento e avance tecnolóxico que representou o muíño hidráulico, está na raíz do avance profesional vivido polos nosos canteiros, carpinteiros e ferreiros. Pero tamén o está noutro eido sumamente importante para como é Galicia, e para cómo e por quen foi realizada esta nosa obra histórica colectiva. Refírome ó eido da man de obra. O factor traballo, si. O historiador económico italiano Carlo M. Cipolla, ó tratar o tema dos muíños de auga entre as innovacións técnicas na industria medieval, destaca o que segue: "*O traballo liberado pola moenda da fariña nos muíños foi principalmente o feminino, polo que as mulleres puideron disfrutar de máis tempo para adicalo ó cultivo intensivo dos hortos de vexetais, liño e cáñamo*". Usar muíños hidráulicos foi todo un adianto, porque despraza as mulleres dunha tarefa básica que debía realizarse nas comunidades onde a subsistencia se centra no pan: a moenda manual, que ocupaba longas horas de traballo feminino. En relación con este gran volume de liberación de man de obra feminina, a ninguén se lle ha escapar o papel primordial que as nosas mulleres teñen desde antano nas nosas angueiras agropecuarias. En Barro existen algúns topónimos relacionados con esta extensión de cultivos e co novo papel que a muller tería nun mellor desenvolvemento da economía familiar. Os lugares de Porráns e da Porriña (o mesmo que O Porriño) aluden á proliferación dos porrais. Un porral é un pequeno terreo moi traballado onde se plantan hortalizas,



Ano 2002

ou onde se deita a semente para logo transplántala a outros lugares. A muller é, desde aquela, a protagonista da nosa horta.

Barosa era Baco. O noso locus amoenus primordial como homes, lévao ela implícito nos ecos festeiros do clan. Barosa é o nome, a palabra quen de nomear todo aquilo que nos importa. E nela depositamos o que houbo que crear como comunidade histórica para sermos Nós. Barosa é

Auga. A maxia da auga. A maxia do bosque. A maxia da montaña, das pedras ancestrais. Acaso debamos hoxe regresar a outorgarlle sacralidade á natureza para así gardarlle o respecto que merece, de querermos seguir disfrutando e vivindo dela coma ata agora.

Adolfo Caamaño

PROTECCIÓN LEGAL DO PATRIMONIO CULTURAL

O patrimonio etnográfico forma parte da historia a cultura e a identidade dun pobo. Independentemente da utilidade productiva dun ben patrimonial impónse a necesidade de conservar e transmitir-lo legado dos nosos devanceiros. O estudo das máis modernas e depuradas técnicas é debedor e herdeiro das primeiras elaboracións artesanais.

No caso da transformación do cereal en fariña un mesmo elemento a pedra e unha parecida técnica perviven dende o primeiro muíño manual de pedra só variou a forma de obtención da enerxía cinética.

Non ten senso pois esquecer ou deixar perder un modelo ou unha infraestrutura industrial dunha época por moi elemental que sexa.


A recuperación e posta en valor do patrimonio leva parella a concienciación sobre o seu papel histórico e sobre o valor ambiental do seu entorno.

Independentemente de valoracións teóricas, de criterios de rendibilidade inmediata ou de prioridades políticas, en todo elemento patrimonial existen materiais e técnicas que polo seu carácter de irrepetibles teñen tamén un valor económico cuantificable.

A orixe da protección legal do patrimonio remóntase as Partidas de Alfonso X o Sabio, de xeito moi elemental xa se fai referencia a conservación de construcións públicas primando o seu interese defensivo. Unha normativa máis detallada e proteccionista non aparecería ata o S. XVIII con Felipe V coa Real Cédula de 6 de xuño de 1803 na que se ordena

que as xustizas de tódolos pobos coidaran de que ninguén destrúa, maltrate ou altere os monumentos descubertos ou que se descubran.

O dereito á cultura como concepto innovador aparece na Declaración Universal dos Dereitos do Home de 1948 nos art. 22 e 27, e acabará sendo desenvolvido pola UNESCO en 1968 na que acabará coñecendo como A Declaración dos Dereitos Culturais como Dereitos Humanos.



Na

etapa da dictadura franquista un Decreto do ano 1963 establecía un réxime de protección para escudos, emblemas pedras heráldicas, rolos de xustiza e pezas similares e un Decreto de 1973 establecía un réxime de protección para hórreos ou cabazos.

A Constitución no seu art. 46 establece como obriga dos poderes públicos a conservación, promoción e enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos e dos bens que o integran calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade.

A Lei de Patrimonio Cultural de Galicia do ano 1995 establece que o patrimonio cultural de Galicia está constituído por tódolos bens materiais e inmateriais que polo seu recoñecido valor propio deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. O art. 64 sinala que o patrimonio etnográfico de Galicia intégrano os lugares, os bens mobles ou inmoebles, así como as actividades e coñecementos que constitúan formas relevantes ou expresión da cultura e modos de vida tradicionais e propios do pobo galego nos seus aspectos materiais e inmateriais.

O art. 65 da mesma lei alude á protección dos bens inmateriais sinalando que teñen valor etnográfico e gozarán de protección aqueles coñecementos, actividades, prácticas, saberes e calquera outra expresión que proceda de modelos, técnicas e crenzas propias da vida tradicional galega. Cando estean en previsible perigo de desaparición, perda ou deturpación, a Consellería de Cultura promoverá e adoptará as medidas oportunas conducentes ó seu estudo, documentación científica e á súa recollida por calquera medio que garanta a súa transmisión e posta en valor, e engade o art. 66 que A a tódolos bens de carácter etnográfico que constitúan restos físicos do pasado tecnolóxico, productivo e industrial galego que sexan susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica, seralles aplicable o disposto nesta lei para o patrimonio arqueolóxico.

A lei baséase na consideración de que unha serie de elementos culturais han de ser protexidos polos seus valores de interese para toda a comunidade.

As ideas defendidas na lei do patrimonio son continuación das investigacións dos membros da xeración Nós que trataba de defende-la existencia dunha historia e unha etnoloxía diferencial fundamentadora do nacionalismo galego, e representa a continuidade dun plantexamento do século XIX que defendía que as nacionalidades existen ou poden existir lexitimadas en tanto teñan e conserven os rasgos culturais definidores da esencia ou espírito dos pobos.

A política de conservación e rehabilitación do patrimonio arquitectónico está suxeito á polémica ou criterios sobre o conservacionismo estático e museístico ou sobre a conservación no seu contexto con potenciación dos valores ambientais, lúdicos, e didácticos.

Sobre os bens patrimoniais existe unha servidume de conservación e un dereito de acceso xeral ós mesmos. Así a lei no seu art. 26 recolle o dereito de acceso ó patrimonio cultural de Galicia

impondo ós titulares a obriga de facilita-lo acceso á Administración e ós investigadores. E tamén prevé para os propietarios e posuidores de bens declarados de interese cultural a obriga de facilita-la visita pública nas condicións que se determine que en todo caso será gratuíta durante catro días o mes, en días e horario prefixado.

Outra normativa sectorial tamén ten incidencia sobre os bens integrantes do patrimonio cultural. Tal e o caso da normativa sobre medio ambiente para aqueles bens situados en áreas protexidas previstas na Lei 9/2001 do 21 de agosto de conservación da natureza que establece as seguintes categorías de espacios naturais: reserva natural, parque nacional, parque natural, monumento natural, humedal protexido, paisaxe protexida, zona de especial protección dos valores naturais, espacio natural de interese local e espacio privado de interese natural.

Para aqueles bens culturais situados nas concas dos ríos como é o caso dos muíños e outras obras hidráulicas, cabe citar que a Lei 29/1985 do 2 de agosto, de augas inclúe dentro do dominio público hidráulico

os leitos dos ríos e establece unha zona de servidume de 5 metros de anchura para uso público na que se permite o acceso para determinadas actividades vinculadas ós ríos. O que recoñece o dereito de paso para acceder ós mesmos así como a necesidade de autorizacións administrativas para calquera actuación incluída a limpeza e corta de vexetación.

Unha estratexia global sobre conservación e promoción do patrimonio debería ter en conta as seguintes fases:

- Inventario e estudio dos bens patrimoniais.


- Aplicación do instrumento legal de protección.

- Establecemento de formas de potenciación, uso e disfrute.


O patrimonio debe ser algo vivo, haberá que comezar por evita-la súa desaparición ou deterioro pero cumpre ir máis lonxe e convertelo en algo accesible e atractivo para o turismo e como recurso didáctico.

X.R.C

DOUS XEITOS DE ENTENDER A RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL



Río Barosa (Barro)



Río Arnoia (Allariz)

O PATRIMONIO CULTURAL DOS MUIÑOS

1. OS MUIÑOS DE BARRO

O patrimonio cultural de Barro conta cun numeroso mostrario nos muíños de auga dispersos polos ríos das distintas parroquias do concello.



Muiño Previlleira (río Lourido)

O Interrogatorio do Catastro do Marqués da Enseada do ano 1752 recolle a existencia de 37 muíños e un batán en Barro, que daquela estaba formada polas actuais parroquias e pertencía a xurisdición de Peñaflor, provincia de Santiago. Os muíños tiñan a seguinte distribución por parroquias: 13 na parroquia de Barro, 7 na parroquia de Perdecanaí, 8 na parroquia de Portela, 2 na de Agudelo, 5 en Curro e 2 en Valiñas.

Dende o século XVIII construíronse máis muíños en Barro, chegando a contabilizar na actualidade uns 61 algúns deles feitos nos anos 40. Existe a maiores un muíño de vento en Triabá (Perdecanaí) o muíño de Veiga da Porta.

Podemos reseña-la seguinte relación de muíños de auga por ríos: Río Areal (10): M. do Rasteiro, Muíños do Portancho: M. de Arriba, M. de Abaixo, M. nº tres. M. de Lamas, M. da Pombeira, M. de Prado, Muíños de Balixe: M do este, M. do Oeste, M. da Veiga.

Río Portansoar ou Rabuña (1): M. de Agustín da Velosa

Río Mosqueiros (2.): M. de López, M. Vello

Río Carballoso (2): M. de Arriba, M. de Abaixo

Río Caeiro (1): M. de Cancela

Río Santa Susana (4): M. de Pastas, M. de Tella ou do medio, M. da Mouriña, M. de Penín

Río Lourido (6): Souto de Luz 1, Souto de Luz 2, M. de Prado, M. de Parada, M. de Bouzadande, M. de Previlleira

Río Barosa (17): 1. M. de Valerio. Muíños na Ría de Arriba (9): 2. M. de Moldes ou Cousido, 3. M. dos Rapaces,

4. M. Eirín ou Constenla, 5. M. Novinha e Rego, 6. M. de Alba, 7. M. de Culleres ou de Casal, 8. M. dos do Nieto ou Xordo, 9. M. de Palomo, 10. M. Herdeiros de Novinha ou do Rego.

Muíños na Ría de abaixo (6): 11. M. de Cordo, 12. M. de Belén e dos da Cheda, 13. M. do Xastre, 14. M. de Cancela de herdeiros, 15. M. de Cancela de maquía, 16. M. de Oubiña.

17. M. de Abaixo (situado na illa)


Río Valiñas (3): M. do Cego, M. do cura, M. do carreteiro.

2. OS MUIÑOS AMEAZADOS

A pesares da protección legal de que gozan os muíños e do seu valor etnográfico, nos derradeiros dez anos a man do home implacable ameaza a varios deles e nalgúns casos pode supo-la súa destrución. O promotor da estrada provincial de Perdecanaí a Triabá (E.P.504) deixou sen presa o muíño de Parada no río

Lourido. A empresa ENAGAS no ano 1997 desfixo no río Caeiro a presa do muíño de Cancela (situado nunha eira entre as casas). A Consellería de Agricultura no ano 2002 no río Valiñas enterrou a canle e aterrou ata a parede o muíño do Carreteiro, enterrou a canle a ameaza con aterrar tamén o Muíño do Cura (que ten un modelo único de lareira con cheminea con oco na parede) coa construción dunha pista da parcelaria. O concello de Barro no 2002 eliminou e enterrou a canle do muíño de Previlleira no río Lourido e desfixo parte do seu cubo, cando podería haber entubado a canle e respecta-lo cubo.

O entorno dos tres muíños do pór-tancho en Parada no río Areal é testemuña dun vertido de auga residual que baixa ata o río e fai



Muiño da Velosa (Faxil-Agudelo)

cheira-la zona. O muíño da Mouriña no río Santa Susana é vítima dunha plantación recente de eucaliptos na canle e no cubo, que se chegan a medrar destruír-an unha maxistral obra de cante-



ría cun valor de mercado moi superior ó dos eucaliptos que sobre el poidan medrar. Este muíño, un dos mellor conservados, podería ser recuperado e formar parte dunha aula de natureza pola súa proximidade ó colexio público.

O Muíño do Cego no río Valiñas é testemuña dun vertedoiro situado ó seu carón no leito do río con catro neveiras oxidadas e unha cadeira de rodas.

O Muíño Novo, con cubo aberto de forma cónica situado no río Louroso está esperando que alguén lle corte as acacias que naceron no cubo tendo en conta que cubo como este só hai outros dous: no muíño de Moldes ou Valerio no río Barosa e no muíño de Agustín de Velosa no río Portansoar ou Rabuña en Faxil. Un vertemento dunha fábrica de Agudelo contamina o río Portansoar ou Rabuña no que se encontra o muíño de Agustín de Velosa.

O vertemento da rede de sumidoiros municipal de Santo

Antoniño vai directamente o río Mosqueiros afluente do río Areal contaminando o río dende a zona da fonte da Ganchola.

Un dos peores inimigos dos muíños son a caída das arbores sobre o tellado ou as paredes empurrados polo vento, ou arrastrados polo empuxe das enchentes. Unha ameaza máis agora, a corta de arborado polos madeireiros. No mes de agosto de 2002 tocoulle o muíño vello no río Louroso en Curro, trancos e ramas dunha corta de arborado deixáronos caer sobre as paredes do muíño


coa conseguinte caída de pedras.

O proxecto do trazado da alta velocidade suporá a desaparición do Muíño de Lamas situado no río Areal nas inmediacións da igrexa de A Portela.

O primeiro

paso para teorizar ou actuar sobre o patrimonio é evita-la súa desaparición. Un patrimonio herdado dos nosos devanceiros merece ser conservado para orgullo e disfrute noso e das xeracións vindeiras.

X.R.C.




Detalle do Muíño Vello

Unha das cuestións que menos se coñece son os fundamentos dos primeiros alicerces do galeguismo que tiveron como época de esplendor os anos de república, e como o canto dos cisnes, chegaron a gobernar moitos concellos no ano 1936 tralas eleccións nas que venceu a “Frente Popular” que lideraba Manuel Azaña, uns meses antes de que se producise o alzamento militar liderado por Francisco Franco que tiraría o traballo de moitos homes e mulleres, na súa gran parte totalmente anónimos, e que acabaron os seus días fusilados ou represaliados polo réxime que xurdiu tralo alzamento.

O caso de Barro non foi unha excepción, neste concello existiu como na maioría dos concellos da Galicia, un Grupo de Galeguistas de quen a influencia permitiu no seu momento alcanza-la Alcaldía do municipio, nomeándose como alcalde a Castor Castro Cancela, que durante a represión franquista foi torturado, e encarcerado no lazareto da illa de San Simón polos falanxistas, só por defende-la súa ideoloxía, momento histórico recollido na documentación dun cura falanxista que describe o alzamento militar en toda a provincia de Pontevedra e que dá datos moi fiables do que realmente pasou durante os dous anos que seguiron ó levantamento.

O Grupo Galeguista de Barro conformouse unha vez iniciada a II República española chegando a ter 15 afiliados, aínda que a súa actividade non foi moi activa. Este dato demostra o feito de que tivo que reorganizarse en maio de 1936. Nesta xuntanza do mes de maio realizouse o nomeamento dunha nova directiva xusto no momento histórico no que se sentaban as bases de redacción do Plebiscito de Estatuto de Autonomía de Galicia que sería tronzado co alzamento do 18 de xullo.

Dentro desta directiva provisional que foi elixida polos militantes do Partido Galeguista como presidente Manuel Bogas, Manuel Cordo como Secretario e Celso Martínez como tesoureiro. As súas reunións mantiñanas en diferentes puntos do concello, pero era Valiñas, pola procedencia de moitos dos seus militantes, o punto de reunión na maioría das ocasións. De todas formas, existe



CASCELAO: Van a matarnos pero venceremos

constancia na memoria dos máis vellos da existencia de reunións no San Amaro, na Estación da Portela, en Mane e no Santo Antoniño.

Durante a época de represión que seguiu ó alzamento militar moitos deles foron trasladados ó cuartel da “Falange” que existía en Moraña para ser torturados, os máis, e paseados outros, simplemente pola súa ideoloxía próxima á esquerda nacionalista que antes da chegada do franquismo imperaba nesta zona.

A etapa na que se rexistran os acontecementos, nun Barro plenamente rural facía que case tódolos simpatizantes e militantes do grupo se atopasen moi identificados co movemento agrarista, pensamento que, desde os anos vinte, imperaba nas zonas onde existía un tipo de economía dependente do agro destinada, sobor de todo á subsistencia. Este movemento, durante a etapa da segunda república tivo un achegamento cara ó galeguismo, debi-

do ás súas arelas de autonomismo que identificase as necesidades e idiosincrasias dos propios campestres galegos fronte ás leis impostas desde Madrid. Este feito fixo que o galeguismo topase nos agraristas un forte apoio para lograr un maioritario apoio ó referéndum polo Estatuto o 28 de xuño de 1936. Ademais un dos principais obxectivos dos galeguistas era lograr unha ampla reforma dentro do agro galego que permitise a mellora das condicións económicas que existían naqueles momentos, condicións que podían calificarse de verdadeiramente infrahumanas.


Se ben o grupo de Barro non foi dos máis activos, os seus membros mantiñan relacións directas pola súa proximidade con dous dos grupos máis activos que existían na provincia de Pontevedra, o da mesma capital e o que xurdía sobre o ano 1932 nas zonas de Baión (Concello de Vilanova) e Godos (Concello de Caldas de Reis) e que máis tarde se estendería a parroquia de Paradela en Meis.

O Grupo de Baión, con características similares ó formado en Barro, tanto pola súa cultura do agro como pola orixe dos seus fundadores, foi un dos máis activos da comarca de Pontevedra, che-

gando a destacarse pola celebración o 25 de xullo da “Festa da Terra”, nomeando comisións para recadar fondos e celebra-lo citado día con todo o esplendor posible. Sen embargo, esta non foi a única das actividades que organizaron os membros do grupo de Baión, xa que no 1934 chegaron a organizar unhas xornadas de formación cultural e galeguista que tiveron a Alexandre Bóveda como un dos seus conferenciantes. Bóveda chegou a transmitirlle-la idea da necesidade de realizar un estudio socioeconómico da parroquia vilanovesa, despois de disertar sobre o recoñecemento pleno da personalidade do agro galego e a aplicación de solucións propias que permitisen salvalo da súa prostración e explotación.

Adolfo Gago

M. Busto: *detalle*



Ano 2002

OXALÁ FORA TODO O MUNDO COMA MÍN !. . .

"A política é a campá do intelectual"
(Rómulo Gallegos).

Mira tío, o que queira pedra que a arrinque, eu vou á miña leria e paso de todísimo, por mín que choiva a dividir que eu xa verei de porme a cuberto coma sempre, que para eso teño arte, ¡oes!.

A mín só me interesa a miña propia historia persoal, que cada un coide do seu, que para o de todos xa está Deus noso señor. É así, ten que ser así, foi así sempre e ¡ben carallo ben!, a mín a política non me afecta. Que mande quen queira, eu téño claro, a mín non me afecta ren o tema político electoral; ¡que me vai afectar!, eu ó meu sempre e non preciso outra filosofía. É fácil: traballar, calar, mollarse algo por dentro, aguantar, calar, cumprir. Non hai máis, así está ben, as cousas son como son e non hai porque andar a face-lo parvo con ideas dos libros como andan algúns inútiles.

Si home si, a verdade non ten máis que un camiño, o camiño dos homes rectos e barís de sempre. Non pasa nada, o importante e non perde-la moral e seguir, seguir dándolle ós pedais con garbo e denodo.

Xa che dixen ó principio que o que queira pedra que a arrinque e o que non estea ben que se mande poñer. Porque amigo meu, hai que fixarse ben nas cousas e saber ler, ¡vaia saber ler!, ¡saber entende-lo tareco!, máis ou menos aproximadamente, que tampouco convén saturarse, para eso mesmo, poñerse onde corresponde que é do que se trata ¿non?. ¿Ideas?, ¡nada de ideas home!, as xustas para poder leva-la culler ou o garfo á boca; un ó sol que máis quente sempre, cos listos, cos guapos, cos ricos, cos que teñan a tixola polo mango, coma semprío, por tradición familiar incluso. ¿Entón como é?. Pois logo; ¿solidariedade?, eso son verbas dos que entenden, e mentres non entorpezan, que vaian, que veñan, que digan, que pensen que fan.

Eu ó meu machiño, coma sempre, libre, sen lei e servicial, un caso.

¡Oes!, cada vez gústame máis a miña posición: ¡Oxalá fora todo o mundo coma mín !.....

Domingo 26 de Agosto do ano 2002
Por **R.S. Lago** - " Vento ".



M. Busto

SONETO DE BARRO MMII

A María Jesús Castro
Calviño.

*Entre os montes azuis, na distancia,
Barro é unha folla de hedra amizosa
por riiños anónimos sulcada rosa
fértil val de máxica abundancia.*

*Barro é a carne do paraíso lexendaria
o tempo fero un pouco menos doe aquí
calqueira recuncho é unha páxina si
do libro da natureza planetaria.*

*Barro é unha singular alfaia preciosa
digna de brillar si, no alto colar
da princesa máis nobre e fermosa.*

*Un pobo esgrevio polo que andar
Unha pomba, unha man xenerosa
Aquí, aquí si, sen parar de bailar*

R.S.Lago
(Xoves 17 Outubro do 2002)

RELATO CURTO: O CULPABLE

-¡Eu son inocente!. Diante deste Tribunal composto por Homes, Mulleres, Cans, Carballos e Pedras... ¡son inocente!.

- Pero vostede, ven acusado aquí de ser durmiñón, palanquín, de ter ideas insáns, de ser trampón, de ser xoto. E esa proclamación de inocencia subxectiva é insuficiente...

- Eu insisto, son inocente. Ademais a inocencia presúmese. Ninguén é culpable mentres non se demostre o contrario. ¿Se me deixan falar...?

- Vale, vale... Vostede fale. Ten dereito xa sabe a defenderse, pode traer incluso un avogado, e se non ten medios económicos désígnaselle un de oficio e xa está. Pero como queira que vostede insiste en defenderse por si mesmo, o Tribunal escoita con paciencia e sabedoría, pero a vostede non hai quen o mova da palabra "inocente". Sen argumentos nidiamente sólidos, sen probas claras e contundentes, sen testemuñas ó seu favor, a sentenza dende logo está cantada. E vai ser vostede ó fin culpable de todo o que contra a súa persoa, fica recollido en Autos. Pero ben, vostede fale. Nós somos todo oídos, e queremos facer xustiza. Que ademais e abondando, estamos especialmente interesados no seu caso.

O que fala é o Presidente do Tribunal: Un home de cabelo branco e ollos azuis, miúdo coma unha faísca, cerebral, inquisitivo, case que transparente. Viste toga negra con puñetas brancas, e ten diante de si un feixe de papeis cosidos cun cordel coma o de atar chourizos e ceboleiros, ou de botar a voar papaventos. Diante da súa admonición, os outros todos din si coa cabeza randeándoa de diante atrás, as mulleres tamén moven a cabeza e os peitos, os cans danlle ó rabo, e botan a lingua fóra, os carballos moven as ramas coma si soprasedo do Norte con forza, as corredoiras zigzaguean coma cobras e as pedras rin.

Eu estou só, posto de pé, diante do estrado de madeira de nogueira, que recoñezo facilmente por canto meu avó ó que lle cortaron unha perna, era carpinteiro, e téñolle visto facer berces moi xeitosos, e arcas para o trigo e mazás e roupeiros e mesas estarricables, nas que se comía os días de festa. Eu diante do Tribunal, estou apinado para diante, caído dos ombreiros, coa cabeza medio desgonzada, coma si tivese chepa no auto das costas. Iso é porque teño algo de medo, en vez de respecto como é debido, vaise e eu teño medo, a dici-la verdade e precisando, case que pánico... Quen tiña chepa de verdade, era a finada da miña tataratía; esa si que levaba un señor acordeón ás costas como expresaba ela e todo por culpa de tanto andar agachada quitándolle a xuncia ó millo e de apaña-la herba á manada e de apañar nas vides e de que sei eu... Que non é este o momento de que se me vaia o maxín para cousas que xa foron e pasaron sen pena nin gloria, máis ben con pena e que agora xa non riscan ren e que xa están moi esquecidas por propios e estraños e que agora neste intre, abofé que non me resolven nada plantándoseme así de súpeto na miolaxe e máis ben me fan dano trabucándoseme nesta delicada hora. Porque naquel tempo eu era libre e facía o que me daba a gana ou case... A tal tataratía tíñame consentido e eu facía o que quería con ela. Un día no medio do millo, recordo que ela fixome de touro e eu, pegueille uns pases moi taumáquicos cun impermeable de capucha marrón que eu tiña daquela, ben nos viu o Sr. Souto, que andaba coma nós ó arrendo nos regadíos das Corretas e mesmo recordo que en plan brincadeira este, sacou a pucha e pediu as dúas orellas da "tía" como eu lle chamaba abreviando, pois ela rabo non tiña, que era moi boa xente... E que teño que recoñecelo a min, ás veces, as ideas extravagantes pódennme. E véñennme ó pensamento recordos insospeitados, que non sei de onde me saen e no medio das situacións máis solemnes e dignas de respecto, distraíome, e pónome a pensar por exemplo, en cando o Sr. Chileno caeu ó río da Bouciña, porque os mozos lle serraron a ponte de madeira, e ben, así non hai maneira, de ser un respetado e encherse de razón para defenderse agora mesmo diante deste estraño Tribunal. Que me acusa por demais acirrado, de cousas que a verdade non fixen, nin dixen, nin a verdade penso que se poida xulgar a un home coma min, polo pouco que entendín que seica din, as moreas de papeis oficiais.

O que sei e me consta moi ó meu pesar e que aquí estou diante deles e do crucifixo e da bandeira, tratando de mante-la compostura, vestido co mellor traxe que topei no roupeiro e coa gravata de fondo marelo con papoulas e bolboretas de adorno, que me regalou polo derradeiro aniversario Marta. E ben, xa case que me vou empezar a defender, e tuso para clarexar a voz, e digo coa Venia Señorías:

¡Son inocente!. E ademais este xuízo paréceme un pesadelo, unha broma de mal gusto. Ademais non ven ó caso, que no medio de xurisperdentes, haxa vexetais, minerais e animais catalogados polo común de inferiores. Así que sexa, realidade ou mal soño, esto non ten nin pés nin cabeza, e eu insisto na miña total inocencia. E ademais, teño asuntos urxentes que atender, e voume mandar de aquí de contado...

- Un momento, acóguese: ¿non quererá incorrer en DESACATO?. Falaba o do pelo branco e o resto seguían coas cerimoniais que xa teño dito.

- Eu non quero incorrer en Ren - dixeran levantando a cabeza e mirándolle ós ollos azuis, destemido, ó do pelo branco. Porque xa vía vir eu, que pese a miña desaborida compostura, diante de todos eles, e ó meu estar e non estar, a cousa ía en serio. Mire Señor do pelo branco, que eu de pía non sabía como lle chamaban. Eu aproveitando que estou na Vila, e que aquí non se me perde nada, vou procurar alpiste para os paxaros e semente de pensamentos que teño pensado plantar para a Primavera, no xardinciño que teño na horta. Así que, déixeme arranxa-los meus asuntos, que eu xa lles digo que son inocente de toda inocencia, e esto á forza ten que ser un monumental erro xudicial...

En pagues desto que dixeran, o do pelo branco, repenicou nunha campaniña que tiña ó seu carón sobor do mesado e pegoulle unha estourante, por forte, palmada á morea de folios, atados da maneira. E apareceu unha parella de vixiantes armados, con gorras e cinchas negras, brillantes de limpas, semellantes ás dos cabalos de tiro. E vaise o do pelo branco e dixo:

- "Custodien este acusado, que ó parecer quere abandona-lo Tribunal".


E os vixiantes dixeran:

- "Si Señoría".

Mentres tanto, a un dos Homes de detrás do auto mesado de nogueira, abríaselle a boca e outro cruzaba as mans debaixo do nariz. Unha muller das alí formadas, botou un peito fóra, e outra pintaba os beizos e poñíalos en plan dar un bico, os cans todos agora ladraban nunha linguaxe que eu penso que ninguén entendía; e nesto ata os Carballos chegou unha bandada de paxaros carpinteiros, e puxéronse a furar na madeira con cerna para facer niño, e criaron nun pispas, e axiña viñeron coma de reposto os escuros

estorninos e ocuparon aínda quente o sitio deixado polos Petos, e tamén se puxeron a criar urxidos. E as corredoiras que había detrás do mesado coa auga da choiva, puxéronse tremesiñas, boedos, coma se a terra, quixese papar ó camiñante, e as pedras xustas de detrás do mesado, coma pelouros de granito rachaban pola metade e ríanse a gargalladas escandalosas. E a muller que botou o peito fóra, tamén sacou o outro e movíalos coas mans coma se foran pelotas e cichaba pingadas de leite que me salpicaban a face estantía que se me estaba pondo.

Nesto entrou na Sala un meniño todo louro, vestido de negro acibeche, con ollos verdes fermosos, levando debaixo do brazo unha morea de folios cosidos cun cordel, semellante ó que había diante do Señor de pelo branco e ollos azuis, o que os vixiantes chama-



ban respetuosamente Señoría e todo o mundo en xeral tamén llo chamaba, para dicir verdade. Ó velo chegar, a muller espida de peitos chorreantes colleuno no colo, e púxoo a mamar.


Eu estaba por demais estantío e confundido, cos ollos moi abertos e os oídos a cen por hora. Todo aquilo que estaba pasando tiña que ser de por forza un mal soño. As pernas medio me tremían, así que pensei en irme sentar, nun banco daqueles que había ó fondo, no que había xente calada e expectante. Quixen da-la volta, e nesto xa notei como dúas mans coma tenaces me cinguían os antebrazos. Entón deime conta, tiven a sensación de estar aparafusado ó chan, coma un inmenso parafuso. E veume ó pensamento cando lle morreu a “paxota” a Carballal, e a enterraran metida nunha lata de sardiñas debaixo do paleiro, e máis cando os fillos do Sr. Gabino, mexaron pola de Pérez na festa do San Xenaro, porque non quixera bailar, e despois aínda me acordei dunha farta de cereixas cocas coa lúa chea na casa do Doutor, andando con Lucita “cona” de vaca.

E cando ó fin volví dos recordos, xa o Meniño Louro deixara de mamar, e sentado nunha cadeira alta de buxo con labrados de anxelotes con fazulas infladas, diante dun letreiro de letras douradas que poñía Sr. Fiscal, empezou a dicir, con voz insospeitada de home cumprido, estarricando o dedo índice da man dereita cara a min, mentres todo volvía a normalidade e o silencio coma o fume ou a néboa espallábase pola Sala, en tanto que eu continuaba no medio dos vixiantes que me seguían a reter coas mans chantadas nos antebrazos.

- Acuso ó encartado, fulano de tal (que era eu), de todo o que xa se dixo e ademais, da morte do toureiro “Paquirri”, da de Manolete non, porque xa se confesou culpable un sospeitoso de Barcelona, chamado M Vázquez Montalbán, que incluso escribiu a súa confesión de culpabilidade nun libro titulado: “Yo maté a Manolete”. E pido para o procesado a pena de Depresión Endóxena, e psoríases húmida na pel de por vida e soidade onánica sen dereito a femia e á obriga de fumar dous paquetes de tabaco rubio diarios, tamén de por vida.

Eu non entendía nada, aquelas palabras, aqueles xestos. E todo ó parecer en contra de min. Eu aproveitando que estaba na Vila, non conseguía comprender por que se me retiña, non podía saír a comprar nin o alpiste, nin a semente de pensamentos en sobres. Remexínme, tratando de zafarme da presión das mans dos vixiantes que mesmo me estaban a dete-la circulación do sangue, pero foi en van. Así que tiven que consolarme pensando nun día en que:

Eu andaba ás fresas, na eira da Señorita, cerca da mina da auga, no verán á hora de durmi-la sesta, e vin como o ferreiro chegaba na moto caladiñamente e os dous collían cara ó invernoiro. Eu fun detrás deles, e por unha creba puiden ver como a Señorita espida entre as tomateiras, se pousaba enriba dunha colcha adornada con cereixas e fresas, logo folgaba demoradamente co ferreiro que tiña fama de ter máis ferramenta có Pibe. E tamén pensei, na botella de barro cocido ó sol, que ás veces no inverno enchía a tía de auga quente para porme entre as mantas preto dos pés, para telos quentes coma roxóns. E xa ía pensar na leite en po que nos daban na escola por gracia do Plan Marshal e o home na lúa, cando me volveu á realidade a voz severa da Señoría miúda de ollos azuis que me dicía co martelo levantado sobor dun círculo de madeira:



Ano 1988

- Ten vostede algo que engadir na súa defensa, ou está de acordo coa petición do Sr. Fiscal.
- Como me saíu díxeno: Eu non estou de acordo con nada e son inocente.

- Pero ben, ¿que se cree vostede? dixo a Señoría medio para si, e bateu co martelo no ditoso círculo de madeira e dixo agora outra vez con voz severa e solemne: O xuízo contra vostede, queda visto para sentenza, érguese a sesión. Mentres o xurado delibera, o acusado será custodiado polas forzas de seguridade.


- Quixen preguntar se podía saír un momento, un instante para, para comprar.. E xa me mandou estarme calado, poñendo o índice sobor dos beizos coa uña pretiño das ventás do nariz.....

Aquelo todo, era un tremendo pesadelo, saes da casa un día de choiva a dividir, e de súpeto observas paneis publicitarios, nos que en vez de anunciar un coche ou unha marca de coñac, hai un carteliño que di: “Se procura” ou mesmo “Se busca”, coa túa foto alí posta e o nome debaixo. Son paneis móbiles, e un pouco saes ti e despois xa sae o Corte Inglés ou Galerías Preciados... A noticia cóllete de sorpresa, non entendes ren, estás a punto de botar a correr ou porte a rir e a dar saltiños absurdos de ra sobor da beirarrúa. Nesto achégase a ti un mozo vestido de folclórico, debullando unha Muiñeira e dache un papeliño, unha cédula de citación para comparecer en cinco minutos no pazo de xustiza...

.....E ben, agora o abraiante xurado está reunido e deliberante, e eu agardo a sentenza no medio destes dous cans de presa, que non paran de fumar e facer chistes sobor da filla da Señoría de pelo branco. Eu estou a pensar no casarelo cheo de hedras e silvas de Rosa de Elvira... No metro amarelo que abría para medi-lo mundo Señor Adelino de Prendes e se me pon, aínda penso un anaco nos xuramentos de Señor Evaristo o Pego, ou na forza de Servando diante dun perpiaño temperado ou dunha tinalla de ferve-lo viño tinto. E deixo as miñas segredas fuxidas co pensamento, pois o Tribunal regresa. Acomódanse todos nos estrados e mándanme poñer en pé: O Sr. Secretario seica vai le-lo Fallo da sentenza. E neste hai un apagón de luz, como xa se fixo de noite hai un bo anaco de tempo, no inverno, xa se sabe é noite sempre, todo queda en tebras escuras. E os vixiantes acenden chisqueiros, e despois unha muller que menstrúa, trae un cirio.

Pascual, e ó seu relembro, o Sr. Secretario confirmou a petición do Ministerio Fiscal, do Meniño Louro e mamón; e agora a miña vida é unha disentería de cereixas xaponesas.

Non semento pensamentos para que florezan na primavera, nin teño paxaros cantores de varias castes. Só me consola poder pensar de vez en cando na “puta” de ouros que ampliada sete veces tiña Brea na



M. Busto


Adega pegada con fariña milla ó fondo da pipa branca. E tamén me entreteño facéndolle carriños coas caixas de cortiza do Azafrán ós Carrouchos ou Vacalouras, ensinándolle nomes de ríos e montes, a un corvo destrabado que teño na miña humilde morada. De vez en cando vén alguén do xulgado para ver como cumpro: E se me topa na cama cunha muller, ou me encontra alegre e divertido, se non topa as corenta cabichas rubias e se despois de repasarme a pel cunha lupa de moitos aumentos só topa lanuxe e espiñas. O tal Axente, pon o berro no ceo e anota: "El penado cumple a su modo y manera, pero cumple, sino que se lo pregunten a Sonia, Raquel, Mercedes, Luísa, etc., etc. El humo es intenso. De amargado que está incluso huele mal, su vacío y tristeza no son de este mundo. Él como Job es una yaga de pies a cabeza". Data e firma. Estes informes favorables do Axente, débense a que lle estou ensinando a pensar en por exemplo Pilara e María a Montañesa estalando troques en Silvas. E é que na vida hai que saber manexarse. Eu son de Reiriz - San Vicente de Cerponzóns cerca da Cidade de Ambarpó (Pontevedra). Os veciños coñécenme por "O Culpable", pero eu son inocente, simpático e amable, aínda que algúns ademais de por "O Culpable", coñécenme case mellor por "O pecado". (21-1-1994).
Nota (22-8-2002)

Ben, en realidade esta situación delirante que acaba de concluír, é produto da forza dos sentimentos persoais nun determinado período do espacio tempo anterior a esta nota dedicada, e agora ó relela con atención doume conta de que é forzosamente tamén unha admirada homenaxe ó meu atemporal amigo, o escritor Franz Kafka. Vaso literario e gran chamán das letras europeas, do que o meu diccionario de cabeceira, a miña casa das verbas básica: A enciclopedia ilustrada Lafuente da Editorial Ramón Sopena S.A. Edición de 1976, di textualmente e sen emenda: "Biog. novelista e ensaísta Checo, que escribiu en alemán. De temperamento retraído e melancólico, exacerbado pola súa falta de saúde, os seus traballos parecen obra dun alucinado. Entre as súas obras máis importantes cóntanse: O Proceso e o Castelo. (1883-1924)".

Ó insuficiente entrecomiñado anterior habería que engadirlle que pese a que o meu amigo Franz dicía que: "Todo o que non sexa literatura abúrreme e ódio", como avogado que era traballou coma un escuro empregado dunha empresa de seguros e ningún escrito dos seus veu a luz in vita súa. No seu testamento mandou que se fixese lume coas súas obras, pero o seu íntimo amigo Max Brod non lle fixo caso e agora o seu apelido Kafka, de tan coñecido e usado por propios e estraños, xa dou en adxectivo: "Kafkiano", para adxectivar certas atmosferas e situacións neboentas que a realidade social produce a esgalla, como a natureza produce cebolas ou cangrexos. Morreu novo, con 41 anos, con digamos que tódalas feridas aínda abertas e sangrantes, consonte se pode ler na súa produción literaria.

"Os que o coñeceron tiveron a impresión de que estaba rodeado dunha cámara de cristal. Si, el estaba alí, detrás do cristal transparente, andaba con gracia, xesticulaba, falaba, sorría case coma un anxo, e o seu sorriso era a derradeira flor da xentileza que se entregaba pero volvía a retraerse subitamente, que se expandía e se encerraba celosamente en si mesma" (Kafka - 1991 - Editors S.A. Barcelona).

R.S. Lago



Ano 1988

ASOCIACIÓN XUVENIL AURUXEIRA... BRETOÑA-(LUGO)

A Asociación Xuvenil Auruxeira formouse no 1996 en Bretoña, unha fermosa vila da Terra Cha, ó sur da mariña lucense, ó norte de Lugo cidade e ó carón de terras asturianas.

Ademais de constituír un rico entorno natural, Bretoña posúe un arraigo histórico pouco habitual, xa que foi o primeiro asentamento céltico-británico nos séculos quinto e sexto, e durante moitos anos posteriormente constituíu un centro de importancia social no país.

Foi aquí onde se instaurou o bispado de Britonia polos poboadores procedentes do sudoeste da Gran Bretaña, que chegaron a estas terras de abeiro e atopáronse con xentes renitentes á romanización, pero acolledoras a pobos irmáns. Asentáronse e decidiron chamarlle BRITONIA. Sen dúbida pareceunos que este era o enclave idóneo e con suficiente peso histórico, para que os mozos e mozas que nacemos e pasamos en Bretoña a nosa nenez e xuventude, comezásemos a pescudar no interesante pasado deste pobo a partires dalgúns poucos vestixios que proclaman as súas ancestrais orixes. Por este motivo decidimos xuntar estas inquietudes e traballar en conxunto para destapa-lo pasado do noso pobo e por distintos sistemas de divulgación para que este coñecemento chegase ó maior número posible de xente. O noso rastrexo comezou pola recollida de topónimos, pola recuperación de contos e acontecementos procedentes da transmisión oral ou mesmo na investigación nos poucos arquivos históricos existentes. Inevitablemente estes coñecementos encamiñáronnos cara á primeira finalidade viva da AURUXEIRA, que é a de fomenta-lo Asociacionismo Xuvenil, antes practicamente inexistente ou supervisado neste pobo. A unidade de tódolos xoves da



Festas Celtas do Lugnasad

Auruxeira por loitar e por traballar en prol da cultura, fachendosos por divulga-la historia do noso pobo mediante a consolidación dunhas bases sólidas no coñecemento do patrimonio, tradición, lingua, arte, formas de vida... e todo aquilo que encerra; sentimo-la necesidade de dalo a coñecer mediante un traballo de promoción cultural moi particular.

As actividades da Auruxeira para acadar estes fins son varias e dirixidas sempre cara este obxectivo, e destacando entre outras pola súa repercusión pola masiva afluencia de público, as Festas Celtas do Lugnasad. Ademais desta son outras moitas as actividades da asociación, das que de seguido destacamos algunhas:

Festas Celtas do Lugnasad; nas que tratamos de revivir unha das



Casamento Celta

principais festividades do calendario celta, e eliximos esta pola súa relación coa terra lucense e a

veneración ó deus celta Lugh polos nosos antergos. O lugar é privilexiado, no “Coto da Auruxeira”, preto do castro celta. Nesta fraga de castaños, carballos ou piñeiros, ademais de ser unha paraxe que garda antigas e fermosas lendas contadas polos nosos vellos, coma a da Fonte do Tesouro, na cal din que de vez en cando sae dela unha pita con pitíños de ouro.

Celébrase na noite de tódolos primeiros venres do mes de agosto, baseándonos en arquivos documentais da época e asesoramento de historiadores e investigadores do mundo celta, e así facer unha escenificación desta festividade celta. Así, organizamos competicións, xogos celtas, casamentos na pena dos namorados, manxares, música tradicional e música dos outros países celtas, ... Deste xeito lúdico tratamos de dar a coñecer nunha noite chea de maxia, a indumentaria e as costumes desta cultura milenaria como parte esencial das nosas raíces.

Estudio e Reproducción dos elementos ornamentais que configuraban a época castrexa: como son a ourivería galaica; cascós, torques, diademas, arracadas, brazaletes, aneis, colares de contas; a indumentaria; vesti-

menta, armas coma o puñal de antenas, escudos; reprodución da escultura galaica; trisqueles, espirais, estelas ou calquera motivo artístico da época, cerámica galaica e reproducións de artesanía da follalata ou do ferro. **Revista Cultural "BRITONIA"**, publicación anual da Asociación Xuv. Auruxeira, na que se atopan distintos escritos, entrevistas, contos, poemas e crónicas do eido cultural da nosa comarca, arqueolóxico, etnográfico, educativo, literario e cultural en xeral.

Organización de Congresos, Exposicións e Xornadas: sobre temática da cultura celta galaica

e bretona e dos distintos países celtas europeos vencellados á nosa cultura.

Defensa do Patrimonio Cultural: mediante campañas reivindicativas procuramos defender e loitar por que algunhas das moitas barbaries no eido cultural non se leven a cabo polas institucións. A nosa sonada loita pola centenaria Casa da Botica en Bretoña é mostra delo.

Entre outras, estas son algunhas das actividades que esta Asociación Xuvenil ven a desenvolver ó longo destes últimos anos, con moitas dificultades e moi pouca axuda institucional, porque non dicilo. Pero tan só coa ilusión

e entusiasmo posto na defensa que é a prioridade básica, que está totalmente ó marxe de idealizacións políticas, da trintena de mozos e mozas que constituímos a Auruxeira, polo tanto seguiremos traballando con forza e afeerrarémonos ás nosas bazas que son a arte, o saber, a ciencia, o patrimonio, a lingua, a tradición, ... e en definitiva a cultura.

Sonia Villapol Salgado
(Asociación Xuvenil Auruxeira)

PASAZEMPOS

CASPERADEFRJTJUAVP
MSATRIVLTALISMGOO
EMREFMTÑPTAAVILAR
RSISPARDARMISXIR
TEQTAVITPMDLLYQRI
SIXUSAAVAROILWOXÑ
ICXXIXBUAMEEAUTMA
PANDEZATRAISVRUGO
ASBCRGANDARAEIRDG
XAFBASMBTEASRJUTK
OSOTPIÑEIRONDTCUW
XAIERSXFOXBTERMUT
PERMSIDXAICJNROVO
RASPOICASTROMASTR
ABMUOXIERBNASTNEL

Atopa-los seguintes nomes de lugares de Barro:

Aspera, Esquiza, Castro, Parada, Lardoeira, Casás, Piñeiro, Búa, Gándara, Triabá, San Breixo, Villaverde, Porriña, Vilar, Curuto.

	1	2	3	4	5	6	7	8	9
1									
2									
3									
4									
5									
6									
7									
8									
9									
10									
11									

HORIZONTAIS :

1: Carta xeográfica. Ser mitolóxico (fem.). 2: Altares. Escuadróns. 3: Antiga medida para o viño. Vila preto da Coruña. 4: Doces feitos con azucre derretido. 5: Desta maneira. Conxunción. Demostrativo masculino. 6: Consoante. Vara que se chanta na terra para apoiar unha planta. Punto cardinal. 7: O Leste. 8: Paxaro que non fai niño. Batracio. 9: Demostrativo feminino. Cincocentos. Botar gargalladas. 10: Regala. Sitúas. Conxunción comparativa. 11: Que teñan forma de pelota.

VERTICAIS:

1: Magoar, ferir. Deixara de resistir. 2: Pedras minúsculas. Atrévete. 3: Xefe dunha gran familia. Consoante. 4: Limpa os mocos. Corrente de auga. No remate da perna. 5: Sacode, remexe. Sufrimento. 6: Parte diferenciada un proceso. Illa galega. Afirmación. 7: Facer que un neno non chore. Cen. 8: Están nas mans. Propio da poesía narrativa. 9: Torrasen. Rezas.

NUNCA MÁIS



SERVICIOS:

- REGULARES
- DISCRECIONALES
- INTERNACIONALES

AUTOCARES B. ABALO

Tel. 986 54 01 01 - Tel./Fax 986 54 00 39
e-mail: benitoabalo@telefonica.net
Avda. Doña Urraca, 22 - CALDAS DE REIS



BACALLAU XOSÉ BERMÚDEZ

Teléfono 609 80 51 01
Praza de Abastos, Nº 2 Nave Central
PADRON



M. Busto

